

Unidade de Divulgación e Cultura Científica da Universidade da Coruña

Obxectivos:

- Fomentar o interese do público en xeral polos temas científicos e incrementar o nivel de alfabetización científica da sociedade.
- Maximizar o retorno de información, en forma de coñecemento científico, da investigación realizada na UDC á cidadanía.

Funcións:

- Promoción da ciencia no contorno da comunidade educativa, no ámbito empresarial e cara o público en xeral.
- Participar na programación dos Cursos de verán da UDC.
- Colaboración na difusión das iniciativas, logros e proxectos do profesorado, persoal investigador e estudantes da UDC.
- Colaboración na interpretación de datos científicos con fins informativos, orientada a empresas, profesionais ou medios de comunicación.
- Elaboración, en colaboración co Servizo de Publicacións, de materiais didácticos.
- Elaboración dun banco de imaxes sobre ciencia, baseado na investigación propia da UDC.
- Elaboración, propia ou en colaboración, de materiais audiovisuais, tanto de tipo educativo como destinados á divulgación ou ao lecer, con especial énfase naqueles que fagan uso das novas tecnoloxías.
- Intermediación e interpretación no contacto e a comunicación con científicos de prestixio ou para o contacto con grupos de investigación.
- Elaboración, propia ou en colaboración, de informes sobre avances científicos de relevancia, premios de investigación, etc.
- Participación en todo tipo de eventos divulgativos da ciencia.
- Organización de cursos de divulgación e cultura científica e, en xeral, de outros que se atopen dentro do ámbito de actuación da Unidade.
- Fornecer de propostas informativas ao Gabinete de Comunicación.

Destinatarios:

A Unidade pretende achegarse a todo tipo de público: comunidade educativa, empresas, medios de comunicación e público en xeral. Prestarase especial atención aos niveis educativos de ensino primario e secundario obrigatorio.

Composición e organización:

- Coordinador. A Unidade, dependente da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, terá á fronte unha persoa responsable da súa coordinación, designada polo Reitor, coas funcións de dirección, programación e execución dos programas aprobados polo Consello asesor.
- O Consello asesor estará constituído polos vicerreitores ou vicerreitoras de Investigación e de Cultura, directores ou directoras de Publicacións, Comunicación e OTRI, ou ben persoas en que aquelas deleguen.
- A outros efectos, a Unidade disporá da Comisión de Extensión Universitaria, dependente do Consello de Goberno.

Relacións externas:

- A Unidade fomentará o contacto, intercambio e colaboración con outros organismos de investigación públicos ou privados, con especial énfase nos da área de influencia da UDC.

- En tanto for posible, a Unidade adherirase á Red de Unidades de Cultura Científica que promove a Fundación Española de la Ciencia y la Tecnología (FECYT), adaptando nese momento, de ser preciso, o seu modo de funcionamento ao de dita Rede.¹

¹ Pode acadar máis información en

http://www.fecyt.es/fecyt/seleccionarContenido.do?strRutaNivel1=;AreasdeTrabajo&strRutaNivel2=;AreasdeTrabajo;Programa-II&strRutaNivel3=;AreasdeTrabajo;Programa-II;SistemasDivulgacionDifusionCientifica&tc=areas_trabajo&strRutaSiguiete=;AreasdeTrabajo;Programa-II;SistemasDivulgacionDifusionCientifica;RedUnidadesCulturaCientifica